

## ► Quen foi o doador de Soraya

A rapaza que está á dereita chámase Soraya e ten 24 anos. Ós 19 anos diagnosticáronlle leucemia, un tipo de cancro no sangue no que os glóbulos brancos (leucocitos) nacen con características anormais e en cantidades desorbitadas.

Soraya salvou a súa vida grazas a un transplante, xa que as células sas do doador substituíron as súas células cancerosas.

Agora, Soraya leva unha vida completamente normal.



## Discusión e aplicación 35 minutos

Responde individualmente a seguinte pregunta. Despois compártea cos teus compañeiros e recolle por escrito as respostas e razóns dos demais para expoñerlas á clase.

**1.** Que persoa ou persoas do póster poderían ser os doadores de Soraya? Quen cres que non podería? Escribe as túas respostas e as razóns polas que cres que as doazóns dalgunhas destas persoas non serían viables.

Responde individualmente as seguintes preguntas. Despois comparte as túas conclusións cos compañeiros e recolle por escrito as respostas e razóns dos demais para expoñerlas á clase.

**2.** Cubre o cadro seguinte utilizando os datos da páxina 2. Analiza as características de cada unha das persoas e contesta novamente a pregunta: Quen podería doar a Soraya?

	É compatible?	É doador voluntario?	Criterios clínicos favorables*
Irene			
Mateo			
Víctor			
Yunwe			
Chema			

\* No caso de haber varios doadores posibles, teranse en conta os seguintes criterios:

**Sexo:** preferiblemente do mesmo sexo. No caso de que existan varias mulleres doadoras, optarase preferentemente pola muller sen fillos e, de non existir, pola muller cun número menor de fillos.

**Grupo sanguíneo ABO:** preferiblemente do mesmo grupo sanguíneo.

**Idade:** preferiblemente o máis novo.

**Peso:** preferiblemente o de maior peso.

**3.** Habería algunha persoa que lle puidese doar a Soraya sen necesidade de examinar previamente as características inmunolóxicas das súas células? Quen? Razona a túa resposta.

**4.** O 70% dos enfermos de leucemia non teñen doadores compatibles entre os seus familiares. Para localizar doadores non familiares compatibles creáronse os **rexistros de doadores voluntarios**. En España, no ano 2004 había rexistrados uns 46.000 doadores de células nai do sangue (medula ósea e sangue de cordón umbilical). Ademais, todos os doadores inscritos en España pasan a formar parte da rede mundial de doadores voluntarios de células nai do sangue, cuns 9 millóns de doadores en todo o mundo. Deste xeito, os doadores españois poden salvar vidas noutros países, ó tempo que enfermos españois poden curar grazas ás doazóns procedentes doutros países.

Sabendo que a posibilidade de atopar un doador non familiar compatible é de 1 entre 40.000, en teoría, cantos doadores habería en España entre os voluntarios rexistrados que fosen compatibles contigo? E en todo o mundo? Que pasaría se, na práctica, non se atopase un doador compatible?

Para que un transplante de células nai do sangue (médula ósea, sangue do cordón umbilical ou sangue periférico) teña éxito é necesario que as células do receptor e do doador teñan antíxenos idénticos ou case idénticos.



**RECEPTORA**

**SORAYA**

**Antíxenos:** A23, B7, DR15, A29, B44, DR7  
**Datos:** muller, 19 anos, 60 kg (no diagnóstico)  
**G. sanguíneo:** A+



**CHEMA**

**Antíxenos:** A3, B13, DR11, A3, B62, DR14  
**Datos:** varón, 48 anos, 65 kg  
**G. sanguíneo:** O+  
**Familiar:** non **Fillos:** 1  
**Doador voluntario:** si



**IRENE**

**Antíxenos:** A23, B7, DR15, A29, B44, DR7  
**Datos:** muller, 5 anos, 11 kg  
**G. sanguíneo:** B+  
**Familiar:** non  
**Doador:** si (cordón umbilical)



**YUNWE**

**Antíxenos:** A2, B35, DR4, A11, B44, DR3  
**Datos:** muller, 25 anos, 52 kg  
**G. sanguíneo:** A-  
**Familiar:** non **Fillos:** 2  
**Doador voluntario:** non



**MATEO**

**Antíxenos:** A23, B7, DR15, A29, B50, DR11  
**Datos:** varón, 58 anos, 82 kg  
**G. sanguíneo:** A+  
**Familiar:** pai **Fillos:** 1  
**Doador voluntario:** non



**VÍCTOR**

**Antíxenos:** A29, B7, DR7, A23, B44, DR15  
**Datos:** varón, 40 anos, 79 kg  
**G. sanguíneo:** O+  
**Familiar:** non **Fillos:** 0  
**Doador voluntario:** non

## Proceso de busca de doadores

